

DONNA STRICKLAND

Donna Theo Strickland nace en Guelph (Canadá) en 1959. Despois de graduarse no Guelph Collegiate Vocational Institute, decidiu asistir á McMaster University, porque o seu programa de Enxeñería Física incluía láseres e electro-óptica, áreas de especial interese para ela. Na súa clase só eran tres mulleres. Alí licenciouse en Enxeñería Física. Posteriormente doutorouse en Física pola Universidade de Rochester en 1989.

Realizou a súa investigación de doutoramento no Laboratorio de Enerxía Láser asociado, supervisado por Gérard Mourou. Strickland e Mourou traballaron para desenvolver unha configuración experimental que puidese aumentar a potencia máxima dos láseres. Isto tivo axiña unha grande utilidade no campo da Medicina, principalmente nas cirurxías oculares.

No ano 2018 recibe o Premio Nobel de Física polas súas revolucionarias achegas no campo da Física do láser, no uso de pinzas ópticas e a súa aplicación en sistemas biolóxicos. Convértese así na terceira muller en recibir este galardón, despois de Marie Curie (1903) e Maria Goeppert-Mayer (1963).

Na actualidade Strickland traballa no Departamento de Física e Astronomía da Universidade de Waterloo, liderando un equipo de investigación sobre láser ultrarrápido.

Como ela ben di, efectivamente, estamos ante unha “fan dos láseres”.

Marta Vidal Iglesias

1º Bacharelato D